



Comunicado de prensa

O método scout: aprender a participar, participando

20 de abril de 2016

Hoxe mércores, 20 de abril, explicaremos na Facultade de Ciencias da Educación en Ourense, os fundamentos educativos do método scout e a súa potencialidade para canalizar o dereito participación infantil e xuvenil, de aprender a participar, participando. Será na Facultade de Ciencias da Educación, na Aula 1.5 a partir das 17:30 horas.

Nenos, nenas e adolescentes teñen universalmente recoñecidos os seus dereitos dende hai pouco máis que media centuria. A **Convención sobre os Dereitos dos Nenos e as Nenas** leva é o tratado internacional máis ratificado da historia. E o máis importante: desde 1989 a infancia convértese en suxeito de dereito e deixa de considerarse como mero obxecto de protección.

Alguns dos seus dereitos son bastante evidentes, mais outros pasan desapercibidos e algúns deles cústalles saír do papel impreso do tratado para plasmarse en realidades, mesmo en sociedades presuntamente avanzadas e dotadas de recursos como a nosa. Entre estes dereitos nos que aínda hai que encher de contido está o da participación, e nesta pequena xornada imos ver de que se trata iso.

Os e as scouts constituímos unha entidade educativa que ten como fin último a educación e ao desenvolvemento de rapaces e rapazas a través dun sistema de valores para axudar a crear un mundo mellor onde as persoas poidan desenvolverse como individuos autónomos e xogar un papel construtivo e activo na sociedade. E para iso preparamos **espazos de participación onde nenos, nenas e adolescentes poden ser protagonistas da súa aprendizaxe e na toma de decisións.**

Isto conséguese cun xeito de traballar deseñado a partir da influencia de diversas correntes de pensamento en educación e pedagogía e que foi evolucionado e diversificándose co paso do tempo. As bases desta metodoloxía se exporán nunha breve sesión, coa colaboración do profesorado da Universidade de Vigo, no que presentamos o método scout como ferramenta para artellar a participación de infancia en mocidade.

Esta actividade forma parte do noso proxecto "SI AS NENAS/OS NON VAN A XOGAR, O XOGO IRÁ ÁS NENAS/OS" apoiado por ASDE – Scouts de España, federación da que formamos parte, da súa campaña "Ludotecas Infantiles".

Máis información:

Xulio López Pérez (639 75 23 51)

www.scoutsourense.org